

PROCEDENCIA: ARQUITECTA MUNICIPAL

DESTINO: CONTRATACIÓN

ASUNTO: INFORME DE VALORACIÓN DO SOBRE 3 DAS OFERTAS PRESENTADAS AO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR E PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN PARA ABRIR FERROL AO MAR.

Antecedentes

Con data 27 de maior de 2024 a Mesa de Contratación Permanente solicita para o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada indicado previamente a emisión de informe de valoración da proposta presentada en relación cos criterios avaliados de forma automática ou mediante a aplicación de fórmulas (Sobre 3).

Os criterios de valoración que serven de base para a elaboración do presente informe atópanse recollidos no apartado "15. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN" do ANEXO I: CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada para a contratación do servizo de redacción do PLAN DIRECTOR E PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN PARA ABRIR FERROL AO MAR.

Ofertas presentadas.

Constan catro ofertas presentadas ao presente procedemento e que se remitiron a esta técnica para a súa valoración:

- (UTE) G.O.C., S.A. - IAGO SEARA MORALES - JUAN OROZCO CORREDOIRA
- PROYFE, S.L.
- (UTE) DÍAZ Y DÍAZ ARQUITECTOS SLP- MARÍA FANDIÑO IGLESIAS
- (UTE) EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - VÁZQUEZ CALATAYUD ARQUITECTOS, S.L.P.

OFERTA ECONÓMICA (45 puntos)

O tipo de licitación (orçamento base de licitación total sen IVE) é de 238.636,36€.

Así as ofertas económicas achegadas das catro empresas licitadoras son as seguintes (co importe total ofertado sen IVE):

- (UTE) G.O.C., S.A. - IAGO SEARA MORALES - JUAN OROZCO CORREDOIRA 191.601,14 €



• PROYFE, S.L.	170.000,00 €
• (UTE) DÍAZ Y DÍAZ ARQUITECTOS SLP- MARÍA FANDIÑO IGLESIAS	192.000,00 €
• (UTE) EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.-VÁZQUEZ CALATAYUD ARQUITECTOS, S.L.P.	180.000,00 €

Logo de aplicar a fórmula no cálculo dos importes das catro ofertas achegadas e segundo a fórmula do prego detéctase que a oferta presentada pola empresa PROYFE, S.L. considérase incurso en presunción de anormalidade a dita oferta.

Unha vez identificada a oferta incurso en presunción de anormalidade consonte os parametros sinalados no PACP informo á Mesa de Contratación de dita cuestión.

Como documentación anexa ao presente informe, achego a táboa do cálculo realizado para as ofertas achegadas segundo a fórmula de aplicación aos efectos de comprobar o anteriormente exposto.

Ferrol, na data da sinatura dixital

A arquitecta municipal

María José González Novo